

A Universidade galega conmemorará o Día de Internet

Santiago | As tres universidades galegas e a Consellería de Innovación celebrarán o 15 de maio o Día de Internet co desenvolvemento dunha xornada que levará por título 'Estratexias TIC e da Sociedade da Información en Galicia'.

A xornada, que será inaugurada polo conselleiro de Innovación, Fernando Blanco, e o reitor da Universidade de Santiago (USC), Senén Barro, celebrarase na Escola Técnica Superior de Enxeñaría da institución compostelana.

A programación deste día artícuase en dous bloques temáticos: 'TIC e universidades. Estratexias' e 'Desenvolvemento autonómico da Sociedade da Información'. As intervencións previstas para esta xornada serán impartidas por representantes das tres universidades galegas, da Conferencia de Reitores de Universidades Galegas (CRUE), da Xunta e das administracións autonómicas de Asturias, Andalucía e País Vasco. Así, baixo o lema '+Internet+Galego+Futuro', esta edición do Día de Internet en Galicia quere focalizar a súa atención nos contidos e servizos que están dispoñibles en lingua galega na rede e que abrangerían un catálogo no que teñen cabida a creación artística, presentación de políticas e servizos públicos, e outros aspectos, segundo informou a USC.

Con esta xornada, apoiada polas tecnoloxías dixitais, os promotores pretenden propiciar a participación de todos os galegos nunha "reflexión colectiva" sobre as posibilidades que as tecnoloxías da información e a comunicación achegan para a normalización da lingua galega, a difusión e enriquecemento da cultura e a construción da sociedade do coñecemento en Galicia. ■

Curso de curtametraxes do Consorcio


Santiago | O Consorcio Audiovisual de Galicia iniciou esta semana un curso de curtametraxes que se desenvolverá ao longo de toda a semana en Santiago e no que participarán un máximo de 15 persoas.

Dous creadores de exitosas curtametraxes, Nacho Vigalondo e Borja Cobeaga, exporán as súas experiencias no eido da curtametraxe e proxectarán fragmentos de obras audiovisuais para amosar os pasos na creación de curtametraxes.

O curso forma parte do programa de formación do Consorcio Audiovisual, consensuado coas mesas do sector, e no que colaboran a Universidade de Santiago, a Asociación de Actores e Actrices de Galicia, e outros colectivos profesionais. ■

A USC estuda a contaminación derivada do uso de abono orgánico

Os resultados desta análise empregaranse para elaborar un modelo de avaliación do risco de danar o solo agrícola coa aplicación dos puríns



Fotografía do lugar onde os científicos da Escola Politécnica Superior de Lugo, da Universidade de Santiago están a recoller as mostras para a realización deste estudo: a conca do río Magdalena, no concello lugués da Pastoriza. |DP

Santiago | Un equipo de investigadores da Escola Politécnica Superior de Lugo (EPS) está a estudar o risco de contaminación derivado da aplicación de abonos e emendas orgánicas aos solos agrícolas de Galicia. A finalidade deste proxecto é a prevención de situacións de contaminación de orixe agrícola, mediante un manexo axeitado do solo e dos puríns. Trátase de que o solo exerza con eficacia o seu papel de barreira protectora, evitando a contaminación das augas e da cadea trófica.

A coordinadora deste proxecto, María Luisa Fernández Marcos, sinala que a aplicación ao solo de esterco e abonos orgánicos ten sido una práctica habitual nos sistemas agrícolas tradicionais, como o caso do galego. Así, a utilización durante períodos prolongados (frecuentemente varios séculos) de abonos e emendas orgánicas deu lugar a un enriquecemento dos horizontes superficiais do solo, permitindo o desenvolvemento dunha agricultura sostible. "O aporte destes materiais orgánicos produce non só un enriquecemento do solo, senón que tamén proporciona outros beneficios adicionais como mellora da estrutura, da capacidade amortiguadora ou da actividade biolóxica do solo" -manifésta-

Opurín | A profunda transformación que experimentaron a agricultura e a gandería galegas a partir dos anos 60 do século pasado deu lugar á desaparición progresiva do esterco e á súa substitución polo purín. "A aplicación deste material ao solo é un elemento imprescindible nas explotacións agro-gandeiras galegas. Esta práctica, ademais dos beneficios citados, diminúe as necesidades de fertilizante mineral (o que permite reducir os custos de produción) e dá saída a un residuo que, noutro caso, habería que eliminar" -indica a investigadora-

A produción anual de purín de vacún en Galicia estimase en 14.470.000 metros cúbicos, que se aplican na súa práctica totalidade á superficie agraria, en particular a prados. Este volume de purín su-

pón un total de 62,1 kilos de nitróxeno por hectárea de superficie agraria útil. Sen embargo, "en xeral, a súa aplicación ao solo realízase sen unha análise previa da súa composición, e con frecuencia non se ten en conta o seu aporte de nutrientes á hora de planificar a fertilización mineral" -afirma a profesora Fernández-

Este proxecto forma parte doutro máis amplo, coordinado polo CIS Ferrol, centrado no desenvolvemento de ferramentas software para a avaliación de riscos ambientais nos sectores agrícola e industrial. Os datos obtidos polos investigadores da USC empregá-

ranse para elaborar un modelo de avaliación do risco de contaminación.

Recollida de mostras: Os investigadores reuniron datos xa existentes e toman mostras para obter datos non dispoñibles. As mostras abranguen solos, puríns, iodos de depuradoras de augas residuais, augas superficiais e subterráneas, vexetación e leite de vaca. As mostras están a recoller na conca do río Magdalena, na Pastoriza (Lugo). As análises realizadas polo de agora indican que as concentracións de metais pesados están por debaixo dos límites de fitotoxicidade. ■

Os investigadores resaltan que a aplicación a solos agrícolas de puríns e outros residuos presenta algúns inconvenientes de tipo ambiental, en particular o risco de contaminación química ou biolóxica. Dentro da contaminación química destacan a contaminación por macronutrientes, sobre todo nitróxeno e fósforo. Ademais, indican que a aplicación de puríns ou residuos pode ser causa de contaminación por metais pesados; en concreto é común o enriquecemento de solos agrícolas en co-

Danos no solo por metais pesados

bre e zinc, debido á aplicación excesiva de esterco ou purín. Ademais da contaminación do solo, a aplicación de puríns pode dar lugar á contaminación de acuíferos e da cadea trófica a través da vexetación. A profesora María Luisa Fernández explica que, en relación coa posible contaminación doutros medios, "o solo pode xogar un pa-

de filtro, retendo os metais pesados e impedindo o seu paso ás augas subterráneas ou á vexetación". "En casos de contaminación moderada, un manexo adecuado, potenciador do papel filtrante do solo, permite a eliminación de riscos e un uso sostible do solo. O coñecemento e, cando é posible, a modificación dos factores

dos que depende a mobilidade de contaminantes no solo é unha ferramenta útil no manexo de solos agrícolas" -asegura a investigadora da Universidade de Santiago-. Dende hai dúas décadas véñense realizando en Galicia estudos do purín de vacún, referidos en particular á caracterización do seu valor fertilizante. Sen embargo, apenas existen datos publicados relativos á presenza de metais pesados nos puríns galegos ou aos riscos ambientais derivados da aplicación dos mesmos no solo. ■